

## BASES DO ENTROIDO 2023

**PRIMEIRA:** O Concello do Rosal convoca o concurso de carrozas, comparsas, grupos e disfraces individuais que se celebrará con motivo do Entroido 2023, o **domingo 19 de febreiro, ás 11:00 horas**, na vila do Rosal.

O desfile percorrerá a rúa Xulio Sesto, desde a Rotonda da Feira e a rúa de Ramón Franco, ata o cruce coa Lomba.

**SEGUNDA:** O prazo de incrición das persoas participantes estará aberto **ata o 8 de febreiro de 2023** do seguinte xeito:

- a) Presencialmente no Rexistro do Concello do Rosal de 9.00 a 14.00
- b) A través da sede electrónica do Concello do Rosal

<https://orosal.sedelectronica.es>

- c) En calquera das formas previstas no artigo 16.4 LPACAP. De empregar esta opción deberanse observar o seguinte:

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas polo/a funcionario/a de Correos.

De non empregar o Rexistro do Concello, a persoa aspirante deberá dirixir ao enderezo electrónica: [informacionxjuvenil@orosal.gal](mailto:informacionxjuvenil@orosal.gal) con anterioridade ao remate do prazo, unha copia da instancia na que conste o rexistro de entrada e a documentación que achegue, para os efectos de que poida ser incluída na relación de participantes admitidos.

### Xunto coas solicitudes de inscrición, as persoas participantes deberán achegar:

- Breve descrición dos disfraces que se presentan a concurso.
- Maiores de idade: fotocopia do DNI.
- Menores de idade: fotocopia do DNI do representante e autorización única da persoa que represente á totalidade dos menores que participen (detallando o nome e apelidos de todos eles).
- Asociacións: fotocopia do CIF e fotocopia do DNI do representante.

As persoas que non presenten solicitude no rexistro xeral tamén poderán participar no desfile pero non terán opción a premio.

**TERCEIRA:** As modalidades que poderán participar no concurso son:

- **Entroido tradicional do Rosal:** categoría especial para grupos que representen o entroido tradicional do Rosal.



- **Carrozas:** Considéranse carrozas un grupo mínimo de 6 persoas representando algún tema enriba dun móbil (carro, tractor, motocultor, etc.). A persoa condutora do móbil poderá ou non ir incluída, déixase a criterio dos participantes.
- **Comparsas:** Participarán no grupo un mínimo de 10 persoas.
- **Grupo:** Participarán entre 3 e 9 persoas.
- **Individual:** Fará constar o nome dos disfraces e da persoa que se presenta. Inclúense nesta categoría, a parella de disfraces que pola súa condición requiran participar de forma conxunta, e tamén as modalidades infantil, ata os 12 anos (acreditar con fotocopia do DNI), e xuvenil – adulto, a partir dos 13 anos.

Nas modalidades de carrozas e comparsas, o número mínimo de inscricións para poder concursar polos premios será de 4 para cada unha das modalidades. De non acadarse este número, as comparsas e carrozas que o desexen, poderán participar no entroido pero non terán opción a premio.

**CUARTA:** A cualificación do entroido tradicional, carrozas, comparsas, grupos e disfraces individuais será determinada polo Xurado do concurso que estará formado por un Presidente (o Concelleiro de Cultura ou a persoa en quen delegue) e catro vogais en representación das entidades socioculturais do concello, que serán nomeados pola Concellería de Cultura actuando como secretaria a persoa de menor idade.

**QUINTA:** Cada membro do Xurado valorará a orixinalidade, a creatividade e os complementos do vestiario e cualificará de 1 a 10 cada un destes aspectos en cada carroza, comparsa, grupo e disfraz individual participante. Ademais, nas categorías de comparsas e carroza valorarase de 1 a 10 a parodia/ escenificación e a música que os acompañen. No suposto de empate, procederase a unha segunda puntuación.

**SEXTA:** Concederanse os seguintes premios:

ENTROIDO TRADICIONAL	GRUPO
1º PREMIO 400€	1º PREMIO 200€
2º PREMIO 300€	2º PREMIO 150€
3º PREMIO 200€	3º PREMIO 100€
CARROZAS	INDIVIDUAIS
1º PREMIO 350€	<b>Infantil:</b>
2º PREMIO 250€	1º PREMIO 125€
3º PREMIO 200€	2º PREMIO 100€
COMPARSAS	3º PREMIO 75€
1º PREMIO 250€	<b>Xuvenil—adulto:</b>



2º PREMIO 200€	1º PREMIO 125€
3º PREMIO 150€	2º PREMIO 100€
	3º PREMIO 75€

Os premios poderán ser declarados desertos polo Xurado do concurso.

**SÉTIMA:** Os grupos e persoas gañadoras das diferentes categorías serán anunciados no propio día. Unha vez feita a avaliación polo Xurado, a persoa secretaria fará público o resultado mediante a lectura da acta correspondente.

**OITAVA:** A solicitude de pagamento dos premios deberá presentarse no Rexistro de Entrada do concello ao longo do mes de marzo de xeito inescusable senón perderase o dereito ao mesmo.

**NOVENA:** A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das presentes bases, sendo a decisión do Xurado inapelable.

**DÉCIMA:** O desfile realizarase sempre e cando a situación e normativa sanitaria o permitan. En caso de non poder celebrarse o desfile no formato habitual o Concello estudará a viabilidade de poder celebrar o evento adaptando o mesmo ao cumprimento das diferentes medidas e protocolos vixentes. En consecuencia, a situación sanitaria e toda a normativa vixente determinarán a viabilidade ou non da celebración do evento. Isto poderá supoñer cambios no formato ou na ubicación, entre outras cuestións. Tendo en conta que nos últimos eventos de similares características (cabalgatas, etc.) as medidas derivadas da situación sanitaria levaron a facer eventos en estático. De ser o caso, as persoas e grupos participantes nesta actividade, farían a súa posta en escena nun punto fixo do espazo acoutado para a celebración do entroido e serían as persoas asistentes as que se desprazarán para ver as diferentes escenificacións.

O Rosal xaneiro de 2023.

A ALCALDESA

Ánxela Fernández Callís

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE

